



DATA: 25 de agosto de 2007
Festividade de S. Xosé de Calasanz

ASUNTO: INICIO DE CURSO

Estimadas Familias: Primeiramente, transmitímoslles o noso desexo de que o verán remate felizmente para todos e iniciemos o novo curso escolar con moito ánimo.

Ao achegarse o comezo do curso 2007-2008, poñémonos unha vez máis en contacto con Vdes. para informarlles dalgúns aspectos importantes para o inicio do mesmo.

1. **Inicio do curso e horarios:**

| Etapas | Data Inicio de curso | Horario setembro | Horario outubro-maio | |
|------------------------|------------------------------|---------------------|-----------------------------------|----------------------|
| | | | Mañá | Tarde |
| Infantil e Primaria | 12 setembro (mércores) | 9.00 a 14.00 | 9.45 a 13.15 | 15.30 a 17.30 (1) |
| Secundaria | 19 de setembro (mércores) | 8.30 a 14.00 | 8.30 a 13.15 | |
| Bacharelato | | 8.30 a 15.00 | 8.30 a 14.10 ou a 15.00 (2) | |

(1) Os alumnos de ESO teñen libres as tardes dos martes e venres; a tarde do mércores saen ás 18.30 h.

(2) O horario de Bacharelato comunicáraselles o 1º día de clase.

O PRIMEIRO DÍA DE CLASE (12 para Infantil e Primaria; 19 para ESO e BAC)
OS ALUMNOS ENTRARÁN ÁS 11.00 H. A saída será ás 14.00 h.

As familias dos alumnos de 1º de Infantil poderán levar aos nenos ata a aula só os días 12, 13 e 14. A partir do 17 de setembro terán que deixalos na entrada do colexio.

2. **Uniforme do Colexio:** É obrigatorio desde o primeiro día de clase. Cada alumno (desde Infantil ata 4º de ESO) deberá ter as prendas marcadas co seu nome e apelidos. *As prendas e as cores deben ser as correspondentes ao modelo establecido. Non se admitirán as saias moi cortas nas alumnas e os pantalóns baixados nos alumnos.* Deberán vir correctamente uniformados.

O mandilón, obrigatorio ata 4º de Primaria, é o mesmo modelo para nenos e nenas. Aos alumnos que lles sirva o do curso pasado, pódono seguir usando.

3. **Alumnos de E. Infantil e 1º Ciclo de Primaria (1º e 2º):** levarán en lugar visible unha tarxeta cos seguintes datos: nome e apelidos, teléfono da casa ou móbil dos pais e nº de autobús escolar (se fan uso del).
4. **O primeiro día de clase non é necesario traer os libros e o material** para os alumnos de Infantil e 1º Ciclo de Primaria. A partir de 3º de Primaria poden traer un caderno e bolígrafo para apuntar horarios e material que lles indicarán os Titores e



Profesores das distintas materias. Convén non poñer os nomes aos libros ata que os revisen os Profesores.

5. **Actividades Extraescolares:** Coma todos os anos, ofértanse no Centro distintas actividades das que recibirán información máis puntual durante o mes de setembro, unha vez iniciado o curso. Estas actividades son de carácter voluntario, pero unha vez feita a matrícula, é obrigatorio asistir a elas.
6. **Outros servizos** que se ofertan:
- **COMEDOR:** A partir do 12 de setembro. Confirmar en Administración.
 - **GARDERÍA:** A partir do 12 de setembro, de 8.30 a 9.45 h. Confirmar tamén en Administración.
 - **AUTOBÚS ACT. EXTRAESCOLARES:** A partir do mes de outubro. A hora de saída do Colexio é ás 18.40 h.
 - **CATEQUESES:** Os alumnos que desexen prepararse para recibir a PRIMEIRA COMUNIÓN ou a CONFIRMACIÓN terán a posibilidade de participar nas catequeses que se impartirán a partir do mes de outubro.
7. **Horario de Secretaría e Administración (de luns a venres):**

| | SECRETARÍA | ADMINISTRACIÓN |
|--------|---------------|----------------|
| Mañás | 11.00 a 13.00 | |
| Tardes | 15.30 a 18.30 | 16.00 a 19.00 |

8. **Caderno de Comunicacions ou Axenda Escolar:** É obrigatorio a partir de 1º de Primaria, para facilitar unha mellor comunicación Familia-Escola. O caderno de comunicacións pódese adquirir na Secretaría do Colexio.
9. **Exames de setembro:** Os alumnos de Secundaria e Bacharelato con materias pendentes deben presentarse os días **3, 4 e 5 de setembro** aos exames de recuperación, segundo os horarios establecidos no mes de xuño (expostos no Taboleiro de Anuncios do Colexio e na páxina web). **As notas** destes exames extraordinarios **recibiranas o día 6 de setembro, de 12.00 a 13.00 h.**

Agradecemoslles que teñan en conta todas estas informacións para unha mellor comunicación e organización. No mes de outubro recibirán información máis detallada de cada curso mediante as **reunións de titorías**, ás que é imprescindible asistir.

Saúdaos atentamente.

A DIRECCIÓN

